

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE CULLEREDO PARA A POSTA A DISPOSICIÓN DOS TERREOS NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DA CONTINUACIÓN DO ITINERARIO PEONIL E CICLISTA QUE PARTE DA RÚA RÍO MERO E QUE SE CONECTARÁ CO PASEO DA RÍA DO BURGO

Dunha parte, dona Ethel María Vázquez Mourelle, Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, en nome e representación da entidade pública empresarial Augas de Galicia, de acordo co artigo 13 da Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia, no exercicio das funcións atribuídas polos artigos 13 da Lei 9/2010 e 6 dos Estatutos da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobados polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro.

E doutra parte, don José Ramón Rioboo Castro, alcalde do Concello de Culleredo, no exercicio das atribucións conferidas no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

EXPOÑEN

Primeiro. Augas de Galicia, entidade creada pola Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrita á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins.

De acordo cos apartados b) e d) do artigo 3.3. da citada Lei 9/2010, constitúen obxectivos medioambientais da entidade pública: previr o deterioro do estado de todas as masas de auga, superficiais, subterráneas e das zonas protexidas e, no seu caso, restauralas co obxecto de conseguir o seu bo estado ecolóxico e compatibilizar a xestión dos recursos naturais coa salvagarda da calidade das masas de auga e dos ecosistemas acuáticos.

Segundo. O Concello de Culleredo exerce, entre outras, competencias de medio ambiente, reguladas no artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e no artigo 80.2.f) da lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia atribúe aos concellos competencias medioambientais, nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma.

Terceiro. O 27.11.2002 a Consellería de Medio Ambiente, o Organismo Autónomo Augas de Galicia da Comunidade Autónoma de Galicia e a Confederación Hidrográfica do Norte do Ministerio de Medio Ambiente subscribiron un convenio de colaboración para a execución do "Proxecto de Acondicionamento Hidráulico do río Mero entre a Presa de Cecebre e a súa desembocadura (A Coruña)".

A cláusula oitava deste convenio establece que *"unha vez terminada a obra e recibida definitivamente, será entregada para o seu uso público á Consellería de Medio Ambiente da Comunidade Autónoma de Galicia que, a partir desde intre, farase cargo, a todos os efectos, da mesma"*.



O 05.07.2007 a Confederación Hidrográfica do Norte do Ministerio de Medio Ambiente comunicou á Consellería de Medio Ambiente da Comunidade Autónoma de Galicia que o 07.06.2007 se realizou a recepción das obras obxecto do convenio de referencia, manifestando na dita comunicación que a partir da data da recepción resulta de aplicación a cláusula oitava do convenio.

O 19.05.2020 a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e a entidade pública empresarial Augas de Galicia formalizaron o convenio de colaboración para o exercicio das competencias de acondicionamento, mantemento e conservación do entorno do río Mero, cuxo obxecto é que Augas de Galicia asuma as obrigas que, trala recepción das obras, lle corresponden á Consellería de Medio Ambiente segundo a cláusula oitava do Convenio para a execución do "Proxecto de Acondicionamento Hidráulico do río Mero entre a Presa de Cecebre e a súa desembocadura (A Coruña)", asinado o 27.11.2002.

Cuarto. O Concello de Culleredo está interesado en executar, dentro do programa europeo EDUSI_FEDER, a continuación do itinerario peonil e ciclista que parte da Rúa Río Mero e que se conectará co Paseo da Ría do Burgo, para o que é necesaria a execución do tramo de conexión desde a Rúa Río Mero ata o paseo fluvial de Cambre. A lonxitude total do tramo será de 757 metros e permitirá vertebrar os diferentes núcleos do Concello de Culleredo cun transporte sustentable, seguindo os obxectivos do Programa operativo FEDER 14-20. O dito tramo atópase nas instalacións das que se fixo cargo Augas de Galicia para o seu uso público, o 19.05.2020, por razóns de eficacia.

Quinto. O artigo 57 da Lei de bases do réxime local e o 194 da Lei da Administración local de Galicia determinan que a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os convenios administrativos que subscriban.

Por todo o exposto, tendo en conta os beneficios que se derivan tanto para os habitantes da zona como para o entorno natural, e o deber de colaboración entre as Administracións, faise preciso artellar as bases para a óptima coordinación das súas actuacións, motivos polos que as partes subscriben este convenio de colaboración con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

Este convenio ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Culleredo respecto da posta a disposición por parte de Augas de Galicia dos terreos necesarios para que o concello execute a continuación do itinerario peonil e ciclista que parte da rúa Río Mero e que se conectará co paseo da ría do Burgo.



Segunda. Obrigas das partes

1. Augas de Galicia obrígase a:

- a. Poñer a disposición do Concello de Culleredo os terreos necesarios para que o concello poida executar o Proxecto "Itinerario peonil e ciclista de conexión entre a Rúa Río Mero e o Paseo fluvial".
- b. Iniciar un procedemento para a mutación demanial a favor do Concello de Culleredo dos terreos necesarios para executar o Proxecto "Itinerario peonil e ciclista de conexión entre a Rúa Río Mero e o Paseo fluvial", unha vez que se executen as obras.

2. O Concello de Culleredo obrígase a:

- a. Solicitar as autorizacións que sexan necesarias para a execución das actuacións obxecto do Proxecto "Itinerario peonil e ciclista de conexión entre a Rúa Río Mero e o Paseo fluvial".

Sen prexuízo doutras que poidan ser necesarias, o Concello de Culleredo deberá solicitar autorización para a execución de obras en zona de policía do dominio público hidráulico, comprometéndose á correcta execución dos traballos con suxeición á autorización e ao condicionado que estableza Augas de Galicia para a protección da zona de policía do río Mero.

- b. Pagar todos cantos tributos graven as ditas instalacións, os custos de subministracións e servizos necesarios para a conservación do actuado e, en xeral, de todos os gastos derivados da xestión, mantemento e conservación das actuacións obxecto do Proxecto "Itinerario peonil e ciclista de conexión entre a Rúa Río Mero e o Paseo fluvial".
- c. Conservar e manter en bo estados as obras e instalacións que executen; converténdose para todos os efectos, no único responsable da infraestrutura construída, asumindo os dereitos, obrigas e cargas inherentes ao devandito mantemento e conservación.

O Concello será responsable de cantos danos e perdas poidan ocasionarse a intereses públicos ou privados como consecuencia das obras de referencia, quedando obrigado á súa indemnización.

- d. Actuar como Administración beneficiaria do procedemento de mutación demanial dos terreos necesarios para executar o Proxecto "Itinerario peonil e ciclista de conexión entre a Rúa Río Mero e o Paseo fluvial", unha vez que se executen as obras.

Terceiro. Financiamento

As actuacións realizadas polo Concello de Culleredo non suporán ningún gasto por ningún concepto a Augas de Galicia.



Cuarta. Vixencia

Este convenio producirá efectos desde o día a súa sinatura e se manterá en vigor por un prazo de catro anos, prorrogable por outros catro por mutuo acordo das partes.

Quinta. Comisión de seguimento

Constituirase unha comisión de seguimento do convenio integrada por dous representantes de cada parte.

A comisión asumirá as seguintes funcións:

- Impulsar e avaliar o cumprimento do convenio, proponendo as actuacións que se consideren precisas.
- Interpretar, en caso de dúbida, o contido deste convenio.
- Promover a solución de discrepancias que puideran xurdir.

A comisión poderá ser asistida polos técnicos que se estime conveniente e ser convocada a solicitude de calquera das partes.

Sexta. Modificación

Calquera modificación no contido deste convenio requirirá acordo das partes e deberá formalizarse mediante a subscripción do correspondente instrumento modificativo, cos mesmos requisitos e condicións exixidos para a aprobación inicial.

Sétima. Extinción do convenio

Será causa de extinción automática do convenio:

- o cumprimento do seu obxecto
- o transcurso do seu prazo de vixencia

Ese convenio tamén poderá extinguirse por incorrer nalgunha das seguintes causas de resolución:

- o mutuo acordo entre as partes asinantes
- polo incumprimento grave do seu contido ou das obrigas das partes, sen prexuízo dos danos e responsabilidades imputables ao causante.

No caso de que o Concello non cumpra coa a obriga de manter en bo estado de conservación as obras realizadas, deberá restituír os terreos a situación na que se atopaban antes da execución do Proxecto "Itinerario peonil e ciclista de conexión entre a Rúa Río Mero e o Paseo fluvial".

Oitava. Natureza e xurisdición

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa, rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico-administrativo, sendo a xurisdición competente para resolver as cuestións litixiosas que poidan xurdir a contencioso-administrativa.



Novena. Protección de datos de carácter persoal

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

Décima. Publicidade

As partes asinantes consenten expresamente a inclusión e a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas neste convenio, no Portal de transparencia e Goberno aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

E para que así conste, en proba de conformidade coas cláusulas deste convenio, as partes asinan electronicamente este documento

*A presidenta de Augas de Galicia, Ethel María Vázquez Mourelle
O alcalde do Concello de Culleredo, José Ramón Rioboo Castro*

